



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000001

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día cinco de xaneiro de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro (a través de medios telemáticos). Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES: 15.12.22 (ORDINARIA) E 19.12.2022 (EXTRAORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes ás sesións).

2º.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA A EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L EN RELACIÓN Á OBRA” ABASTECIMIENTO DE AUGA EN BACORELLE”.- (EXPTE. 2019/C003/000007).-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra Abastecemento de auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros, código 2019.2000.0256.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello), anualidade 2019:

“Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución da garantía definitiva depositada polo contratista EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ S.L. con C.I.F. núm. B15164106 referente a obra Abastecemento de auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros con código 2019.2000.0256.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as

Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable a obra Abastecemento de auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros con código 2019.2000.0256.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ S.L. con C.I.F. núm. B15164106 en garantía da obra Abastecemento de auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver a garantía definitiva núm. 32020000218 datada o 15 de maio do 2020 por importe de SEIS MIL SETE CENTOS VINTE E SEIS EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (6.726,86€) en garantía da obra Abastecemento de auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros con código 2019.2000.0256.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019. Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros, prestou aprobación á devolución da garantía descrita, conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Licenzas de 1ª ocupación de vivenda.

A.- Licenza 1ª ocupación en expte. Núm. 06/2022.-

***.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:
“TEDEC: 2022/U007/000006***

Expte.06/2022. [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Lugar de [REDACTED] parroquia de Lago, Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 197/2019 ,con licenza municipal de obras concedida

por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/04/2020, sendo notificado dito acordo o 28/05/2020.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 30/12/2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condición establecidas para destinalo ao uso previsto (vivienda) e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder á peticionaria [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de **vivenda unifamiliar sita no** [REDACTED] parroquia de Lago, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro , do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a **liquidación da taxa** por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **107,43 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 30/12/2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde, Alberto González Fernández, na data á marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros concedeu a licenza de 1ª ocupación da vivenda, tramitada no expte. 6/2022; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

B).- Licenza de 1ª ocupación en expte, Núm. 08/2022.

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN: “TEDEC: 2022/U007/000010

Expte.08/2022. [REDACTED] (representado por [REDACTED])
[REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en C/[REDACTED]
[REDACTED] parroquia de Valdoviño, Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 225/2020 ,con licenza municipal de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/05/2021, sendo notificado dito acordo o 26/05/2021..

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 30/12/2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivienda) e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder ao solicitante [REDACTED] (representado por Francisco Javier Piñón Carro) a licenza de 1ª ocupación de **vivienda unifamiliar sita na rúa** [REDACTED] [REDACTED] parroquia de Valdoviño, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a **liquidación da taxa** por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **75,20 euros**, segundo cálculo que consta no informe do arquitecto municipal de 30/12/2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde, Alberto González Fernández, na data á marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros concedeu a licenza de 1ª ocupación da vivenda, tramitada no expte. 8/2022; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

.- Licenza de obra maior.

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:
“Expte: 105/2022. Tedec: 2022/U022/000012

.- Expte. de obras 105/2022.- [REDACTED] (representado por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] - Para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar** aillada (inclúe peches de parcela en solo urban), situada no [REDACTED] (referencias catastrais n.º 4974615NJ6247N0001PO e 15088A002010990000HH).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada en planta baixa, redactado polo arquitecto [REDACTED] achegado o 03/06/2022 e o 10/06/2022, visado o 03/06/2022.
- Documentación complementaria (escrituras, NIF, plano n.º A02B) achegada o 13/10/2022 e visada o 11/10/2022, redactado polo mesmo técnico.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de [REDACTED] achegado o 10/06/2022, oficio de Dirección de execución da obra de arquitecto técnico e Coordinador de seguridade e saúde a nome de [REDACTED] achegado o 29/11/2022 e visado polo correspondente colexio o 29/11/2022.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situado en en solo clasificado e calificado, como **SOLO URBANO. RESIDENCIAL EXTENSIVO. VIVIENDA UNIFAMILIAR y SUELO NO URBANIZABLE (Común)**.

Segundo o proxecto presentado, a vivenda que se pretende construír sitúase na zona da parcela clasificada como **SOLO URBANO. RESIDENCIAL EXTENSIVO. VIVENDA UNIFAMILIAR**.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20/12/2022 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E Visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 29/12/2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] (representado por [REDACTED]) a **licenza municipal de obras de construción de vivenda unifamiliar aillada** (inclúe peches de parcela en solo urbano), situada no Lugar [REDACTED] (referencias catastrales n.º 4974615NJ6247N0001PO y 15088A002010990000HH). **A licenza queda condicionada á execución das obras necesarias para completar a conexión coas redes de servizos e viaria en funcionamento.**

Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 20 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: **Taxas 1008,50 €. ICIO.- 4639,10 €.**

Cuarto.- O promotor deberá presentar un **aval** pola cantidade de **3.193,42 €**, segundo valoración das obras urbanizadoras, contida no Anexo 2 do informe do arquitecto municipal de data 20/12/2022.

Quinto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Sexto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

/Asinado electrónicamente polo alcalde don Alberto González Fernández na data indicada á marxe/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros concedeu a licenza de construción de vivenda unifamiliar, tramitada no expte. 105/2022; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía

.- Licenzas de parcelación.-

A.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA LICENZA DE PARCELACIÓN:

“Expte 2/2022 Tedec 2022/U018/000002

.- Expte. de parcelación 2022/U018/000002 (exp. 02/2022).- [REDACTED]
[REDACTED] (representado por [REDACTED]).- Para licenza de parcelación, que consiste na reorganización de linde entre parcelas (segregación e agrupación), no [REDACTED] segundo a documentación presentada:

- Proxecto de segregación e agrupación de parcelas realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola [REDACTED] de 03/06/2022 e achegado o 08/06/2022.
- Proxecto de reorganización de parcelas (segregación y agrupación) que substitue ao anterior, realizado polo mesmo técnico y achegado o 23/12/22.

As parcelas obxecto deste proxecto correspóndense coa referencia catastral nº 001503400NJ62E0001PM y 15088A502008030000GB. Asemade, se corresponden coa parcela n.º 803, do polígono n.º 6, do plano xeral da Concentración Parcelaria de S. Vicente de Meirás e con terreos excluídos da mesma.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA RESULTANTE A	1.596 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela	1.596 m ²

PARCELA RESULTANTE B	1.688 m²	Núcleo rural	Sup. parcela	1.688 m ²
-----------------------------	----------------------------	--------------	--------------	----------------------

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 28 de decembro de 2022**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 04 de xaneiro de 2022**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación consiste na reorganización de linde entre parcelas (segregación e agrupación) de finca solicitada por [REDACTED] (**representado por** [REDACTED] **no lugar de** [REDACTED] parroquia de Meirás, Valdoviño; nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 28 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 394,08 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/Asinado electrónicamente polo alcalde don Alberto González Fernández na data indicada á marxe/” .

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros concedeu a licenza de parcelación, tramitada no expte. 02/2022; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

B.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA LICENZA DE PARCELACIÓN:

“Expte 4/2022 Tedec 2022/U018/000004

.- Expte. de parcelación 2022/U018/000004 (exp. 04/2022).- [REDACTED] (representado por [REDACTED]) Para licenza de parcelación de finca no [REDACTED] parroquia de Sequeiro, Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Jorge [REDACTED] de 27/06/2022 y aportado el 28/06/2022.

- Proxecto de parcelación de finca que substitue ao anterior, realizado polo mesmo técnico e achegado o 22/12/22.
- Plano n.º 4 que substitue ao achegado o 22/12/2022, realizado polo mesmo técnico y adxuntado o 27/12/22.

As parcelas obxecto deste proxecto correspóndense coa referencia catastral n.º 15088A503002250000GJ. Asemade, se corresponde coa parcela n.º 225, do polígono n.º 1, do plano xeral da Concentración Parcelaria de Lourido-Sequeiro.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA RESULTANTE 1	725,25 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	725,25 m ²
			Sup. parcela Neta	723,00 m ²
			Sup Cesión viales	2,25 m ²
PARCELA RESULTANTE 2	578.45 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	578,45 m ²
			Sup. parcela Neta	565,00 m ²
			Sup Cesión viales	13,45 m ²
PARCELA RESULTANTE 3	5.260,30 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	848,30 m ²
			Sup. parcela Neta	790,00 m ²
			Sup Cesión viales	58,30 m ²
		Suelo Rústico	Sup. parcela	4.412 m ²

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 28 de decembro de 2022**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 04 de xaneiro de 2022**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación de finca no [REDACTED] parroquia de Sequeiro, Valdoviño ao solicitante [REDACTED] (representado por Jorge [REDACTED]), nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 28 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 390,60 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/Asinado electrónicamente polo alcalde don Alberto González Fernández na data indicada á marxe/” .

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros concedeu a licenza de parcelación, tramitada no expte. 04/2022; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

C.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA LICENZA DE PARCELACIÓN:

“Expte 8/2022 Tedec 2022/U018/000008

.- Expte. de parcelación 2022/U018/000008 (exp. 08/2022).- [REDACTED]
[REDACTED] Para licenza de parcelación de finca no [REDACTED] parroquia de Lago, Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo Arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico, de data 14/10/2022 e achegado o 17/11/2022.

As parcelas obxecto deste proxecto correspóndense coa referencia catastral nº 15088A501008430000GR e se corresponde coa parcela n.º 843, do polígono n.º 2, do plano xeral da Concentración Parcelaria da Parroquia de Lago.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA FR-01	1.000 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.000 m ²
			Sup. parcela Neta	986 m ²
			Sup Cesión viales	14 m ²
PARCELA FR-02	635 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	635 m ²
			Sup. parcela Neta	583 m ²
			Sup Cesión viales	52 m ²
PARCELA FR-03-RFM	4.370 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.049 m ²
			Sup. parcela Neta	1.022 m ²
			Sup Cesión viales	27 m ²
		Suelo Rústico	Sup. parcela	3.321 m ²

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 28 de decembro de 2022**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 04 de xaneiro de 2022**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación de finca no lugar no [REDACTED] parroquia de Lago, Valdoviño ao solicitante [REDACTED] y otros (representada por [REDACTED]) nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 28 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **418,71 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/Asinado electrónicamente polo alcalde don Alberto González Fernández na data indicada á marxe/” .

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros concedeu a licenza de parcelación, tramitada no expte. 08/2022; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

PARTE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

